



CONCELLO DE  
A FONSGRADA

Praza do Concello, s/n  
27100 A Fonsagrada (Lugo)  
Tel.: 982 34 00 00  
Fax.: 982 34 00 01

**BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO TEMPORAL PARA A CATEGORÍA DE TRABALLADOR/A SOCIAL**

**1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA**

O obxecto da presente convocatoria é a creación dunha bolsa de emprego para prestar servizos de carácter temporal como traballador/a social.

**2.- RELACIÓN XURÍDICA:** Contratación laboral temporal, por calquera das modalidades establecidas no Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

**3.- CARACTERÍSTICAS DAS PRAZAS/POSTOS/EMPREGOS:**

**3.1.- DENOMINACIÓN DAS PRAZAS/POSTOS/EMPREGOS:** TRABALLADOR/A SOCIAL

**3.2.- GRUPO DE ENCADRAMENTO:** (Grupo 2 Seguridade Social)

**3.3.- RETRIBUCIÓNS:** As retribucións a percibir polo/a ocupante serán as corresponden á praza/posto/emprego de traballador/a social.

**4.- ADSCRICIÓN:** Ás distintas Unidades Administrativas, unha vez motivada a preceptiva necesidade urxente e inaprazable da incorporación.

**5.- FUNCIONS DO POSTO DE TRABALLO:** As correspondentes a un traballador/a social, conforme á normativa estatal e comunitaria aplicable ao exercicio desta profesión regulada.

**6.- REQUISITOS XERAIS:**

Para participar no proceso de selección os aspirantes deberán reunir na data de finalización do prazo de presentación das instancias os seguintes requisitos:

- a) Ser español ou nacional dos demais estados membros da Unión Europea. Así mesmo, poderán participar no proceso selectivo os estranxeiros que reúnen a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do cónxuxe menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas.
- b) Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.



CONCELLO DE  
A FONSGRADA

*Praza do Concello, s/n  
27100 A Fonsagrada (Lugo)  
Tel.: 982 34 00 00  
Fax.: 982 34 00 01*

- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin encontrarse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado.

#### **REQUISITOS ESPECÍFICOS:**

- a) Posuír titulación de Diplomado en Traballo Social ou do título de Grao en traballo social
- b) Estar en posesión do carné de conducir B

Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

#### **7.- PUBLICIDADE**

A publicidade da convocatoria realizarase mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. As bases completas publicaranse na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello. Os sucesivos anuncios publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello.

#### **8.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

Os que desexen participar no proceso de selección deberán facelo constar mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde, segundo modelo oficial que se inclúe como Anexo I ás presentes bases, no prazo de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia do anuncio da convocatoria. Se o último día coincidise en día inhábil o prazo quedará prorrogado ata o seguinte día hábil inclusive.

As instancias deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI, ou documento equivalente expedido pola autoridade competente do país de orixe que acredite que son nacionais da Unión europea ou dalgún estado
- b) Fotocopia cotexada da titulación esixida.
- c) Fotocopia cotexada dos documentos xustificativos dos méritos que se aleguen.

A presentación de solicitudes farase no Rexistro do Concello da Fonsagrada ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. No caso de presentarse a solicitude en



CONCELLO DE  
A FONSGRADA

*Praza do Concello, s/n  
27100 A Fonsagrada (Lugo)  
Tel.: 982 34 00 00  
Fax.: 982 34 00 01*

rexistro distinto ao do Concello da Fonsagrada deberá adiantarse por fax copia da instancia dentro do prazo de presentación das solicitudes (Nº de fax 982340001).

#### **9.- TAXA POR DEREITOS DE EXAME**

Os aspirantes que desexen participar no procedemento selectivo deberán aportar xunto coa solicitude, xustificante de ter ingresado a taxa por dereitos de exame de 15 €. O aboamento da taxa realizarase dentro do periodo de presentación das solicitudes mediante transferencia bancaria na conta número ES12 2080 0118 4331 1000 0028 de ABANCA

#### **10.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.**

Unha vez finalizado o prazo de presentación de instancias, ditarase resolución declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos e publicarase no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web, concedendo un prazo de 3 días para subsanación de defectos.

Unha vez transcurrido o prazo de subsanación de deficiencias publicarase a lista definitiva de admitidos e excluídos.

#### **11.- SISTEMA DE SELECCIÓN.**

O sistema de selección será o concurso – oposición e constará de dúas fases:

##### **Fase I.- FASE DE OPOSICIÓN**

##### **Exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio**

1º Exercicio: Realización dun exercicio que consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test, baseado no contido do programa da convocatoria. O tribunal determinará o número de preguntas do exame, o tempo para a realización da proba e os criterios de corrección. Esta proba terá carácter eliminatorio e puntuarase de 0 a 10 puntos sendo necesario acadar unha puntuación de 5 puntos para superala.

2º Exercicio: Consistirá en realizar un caso práctico proposto polo tribunal sobre o programa do Anexo I e relacionado coas funcións do posto de traballo a desenvolver

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria. Esta proba cualificarase ata un máximo de 10 puntos, sendo a puntuación mínima para superala debendo 5 puntos.

Proba de galego. O tribunal valorará o nivel de coñecemento da lingua galega dos/as aspirantes, mediante unha proba que se cualificará como apto ou non apto, sendo necesario obter o resultado de apto para superala. O tribunal decidirá o nivel preciso para acadar o resultado de apto.



CONCELLO DE  
A FONSGRADA

Praza do Concello, s/n  
27100 A Fonsagrada (Lugo)  
Tel.: 982 34 00 00  
Fax.: 982 34 00 01

Estarán exentos da realización deste exercicio as persoas aspirantes que acrediten posuír, con carácter previo, como mínimo o título Celga 4 ou equivalente debidamente homologado.

## **Fase II. FASE DE CONCURSO**

### **Valoración de méritos**

1. Experiencia profesional, ata un máximo de 6 puntos
  - Por servizos prestados en calquera das Administración Públicas en posto de traballos iguais aos que se convocan.....0,10 puntos/mes completo
  - Por servizos prestados en empresas privadas en postos de traballo iguais aos que se convoca.....0,05 puntos/mes completo

**A experiencia profesional acreditarase mediante certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social e copia compulsada de contratos ou certificados de empresa nos que consten as función desempeñadas.**

2. Formación complementaria, ata un máximo de 4 puntos.

Por cursos relacionados coas funcións propias do posto a desenvolver no posto de traballo impartidos pola Administración Pública ou entidades delas dependentes ou homologados, ata un máximo de 4 puntos.

- Por cada curso ou acción formativa de duración inferior a 20 horas ou nos que non se exprese o número de horas.....0,05 puntos
- Por cada curso ou acción formativa de duración igual ou superior a 20 horas e inferior a 50 horas..... 0,20 puntos
- Por cada curso ou acción formativa de duración igual ou superior a 50 horas e inferior a 100 horas.....0,40 puntos.
- Por cada curso ou acción formativa de duración igual ou superior a 100 horas e inferior a 250 horas.....0,60 puntos.
- Por cada curso de duración igual ou superior a 250 horas.....0,80 puntos

**A formación complementaria deberá acreditarse mediante copia compulsada dos diplomas acreditativos de ter realizada a formación nos que conste o número de horas lectivas.**

**En caso de empate entre dous ou mais candidatos, dirimirase en primeiro lugar a favor do candidato que obtivese máis puntos na fase de oposición. De persistir o empate derimirase na fase de concurso a favor do aspirante con maior puntuación na fase de experiencia profesional. De persistir o empate, resolverase por sorteo.**

## **12.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN**



CONCELLO DE  
A FONSGRADA

*Praza do Concello, s/n  
27100 A Fonsagrada (Lugo)  
Tel.: 982 34 00 00  
Fax.: 982 34 00 01*

O tribunal de selección será designado polo Alcalde mediante Decreto, una vez aprobadas as listas definitivas de aspirantes.

### **13.- RELACIÓN DE ASPIRANTES E CUALIFICACIÓN**

Rematado o proceso selectivo, o Tribunal publicará no taboleiro de anuncios do Concello a relación de aspirantes aprobados, e a constitución da bolsa de emprego temporal coa indicación da puntuación final obtida e a orde na bolsa de emprego dos aspirantes que superaron o proceso.



CONCELLO DE  
A FONSGRADA

*Praza do Concello, s/n  
27100 A Fonsagrada (Lugo)  
Tel.: 982 34 00 00  
Fax.: 982 34 00 01*

## **ANEXO I**

### **PROGRAMA DE ACCESO**

#### **A) MATERIAS COMÚNS.**

**Tema 1.-** A Constitución Española de 1978 e principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais.

**Tema 2.-** Principios de actuación das Administracións Públicas: eficacia, xerarquía

**Tema 3.-** O procedemento administrativo: concepto e fases: iniciación, ordenación, instrución e terminación

**Tema 4.-** O municipio. O termo municipal, a poboación e o empadramento.

**Tema 5.-** A potestade regulamentaria das entidades locais: regulamentos e ordenanzas. O procedemento de elaboración e aprobación. Os bandos.

**Tema 6.-** A Lei de Protección de Datos de carácter persoal: principios de protección de datos e dereitos das persoas.

#### **B) MATERIAS ESPECÍFICAS.**

**Tema 1.-** A Lei 13/2008, do 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia. Estrutura, niveis de atención, servizos sociais comunitarios básicos, servizos sociais comunitarios específicos, servizos sociais especializados, equipa profesional de servizos sociais, profesional de referencia e tarxeta social galega.

**Tema 2.-** Decreto 99/2012 do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. Conceptos xerais..

**Tema 3.-** Dependencia, Lei 39/2006 de 14 de decembro. Sistema galego de atención á dependencia, requisitos xerais para o acceso ás prestacións e incompatibilidades, valoración e recoñecemento da situación de dependencia nos supostos de emerxencia social, e nos menores de 3 anos. PIA .

**Tema 4. –** Lei 10/2013 do 27 de novembro de Inclusión Social de Galicia. Obxecto e natureza. Tipoloxía das axudas.

**Tema 5 .-** Renda de Inclusión Social de Galicia (Lei 10/2013 do 27 de novembro, DOG Nº 249 DO 314/12/2013)

**Tema 6.-** Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o Servizo de Axuda no Fogar en Galicia.

**Tema 7.-** O traballador social na planificación. Elaboración de programas e proxectos sociais.

**Tema 8.-** Metodoloxía do traballo social, concepto e fases do método básico.

**Tema 9.-** Deontoloxía do traballo social, código ético do traballador social



CONCELLO DE  
A FONSGRADA

Praza do Concello, s/n  
27100 A Fonsagrada (Lugo)  
Tel.: 982 34 00 00  
Fax.: 982 34 00 01

## ANEXO II

### SOLICITUDE DE ADMISIÓN NO PROCESO PARA A CREACIÓN BOLSA DE EMPREGO TEMPORAL PARA A CATEGORÍA DE TRABALLADOR/A SOCIAL

#### 1.- POSTO DE TRABALLO AO QUE OPTA

TRABALLADOR/A SOCIAL
----------------------

#### 2.- DATOS PERSOAIS

APELIDOS	NOME
ENDEREZO	
DNI	TELEFONO
Nº SEGURIDADE SOCIAL	DATA DE NACEMENTO

#### SOLICITA:

Participar nas probas selectivas, a que se refire a presente instancia, facendo constar que tódolos datos consignados son certos e que reúno todas e cada unha das condición esixidas, referidas á data do remate do prazo sinalado para a presentación da instancia, nas bases que declaro coñecer.

A Fonsagrada ..... , ..... de 2018  
Sinatura do solicitante

Asdo. ....

Documentación que se achega:

- Copia do DNI.
- Copia compulsada do título esixido
- Copia compulsada da documentación acreditativa dos méritos alegados
- Copia carnet conducir (B).

**SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DA FONSGRADA**